

Nome _____ Data _____

O LOBO



O lobo foi abondoso nas serras de Galicia e moi temido, aínda que o certo é que nunca se viu que atacara ao home. Para que isto acontecera, tería que sentirse acosado e fumento. É un animal moi resistente, pode aguantar varios días sen comer e o seu sentido do olfacto é cen veces maior que o dos humanos. Aproveita a noite para adicarse á caza, pois a luz da lúa facilitalles moito a súa visión nocturna. É indomable, é dicir, nunca aceptará ao home coma o seu líder nin o obedecerá. Ouvea para comunicarse cos da súa especie, para marcar o seu territorio ou chamar á súa manda. Nas súas mandas existe unha xerarquía: o lobo dominante é o Lobo Alfa, o segundo, Lobo Beta e o de menor poder no grupo é o lobo Omega. A cria do lobo é o lobeto.

1. Contesta a estas preguntas da lectura:

- Como se chama a cria do lobo?

- En que situación poden atacar os lobos?

- Cando caza? Por que?

- Que quere dicir que son indomables?

- Como se comunican?

2. Completa cos nomes de cada un destes lobos que aparecen no texto:

- Lobo dominante: _____

- Segundo lobo da manda: _____

- Lobo de menor poder: _____

3. Une cada expresión co seu significado:

■ Comer coma un lobo

■ Verlle as orellas ao lobo

■ Ter peito coma un lobo

■ Ter unha loba

■ Ser moi valente

■ Ver un perigo a tempo

■ Comer con voracidade

■ Ter pouca gana de traballar

Agora emprega unha unha para facer unha frase.

4. Adiviña a adiviñanza e logo deluxa.

En abril, cátanos no culil.

En maio, xa son bo gais.

En San Xoán, xa lle dou a carreira ó can.

En Santa Mariña xa vou pola cabritiña.

En agosto xa vou co meu pai polo rostro.

En Santos, xa mato os bois nos campos.

E en xaneiro, xa podo co carneiro.

Que é?: _____



5. Fai oracións coas seguintes parellas de palabras:

lobo - home

mamífero - nai

lobeto - ouvear

serra - Galicia
